

ANTONIO FERNÁNDEZ SEOANE

1

O teu amor e a miña ansiedade
pedíronse para bailar
e emprenderon unha estraña rota de
estacións e atmosferas
e danzaron ás veces nun gume
de coitela cega
sen cama de herba
o teu amor e a miña insomne morta
intelixencia
debéronse sentir algo felices
algo fermosos e algo tristes
cando se atoparon pola primeira vez
facían parte da humanidade
pero vivían nunha cova morna e pequena
forrada de veludo, con cadríños de
faisáns polas paredes
e faíscas no ar suspensas
era nun deserto arrodeado de murallas
e, por veces, de mar
¡Teño tanta saudade de ti
que finxo entender
e dígame: «O absoluto é entender
exactamente así
destínarse a algo
ser coma unha luz
que non chega!»

2

Todo é océano e distancia, pero non
emerxe a Atlántida, non hai illas
no medio, nen montañas para vivi-
los cumios solitarios do amor
Todo é océano e silencio, pero un
silencio cheo de palabras, escombros
que cobre, inexorable, sentimentos
xa sepultos, soterrados no tempo
Todo é océano entre no-los dous, océano
e distancia. Palabras ruidosas
escritas –atopo enfadosa a súa
Impotencia– deveñen aquilo que non
queren ser
Queren ser caricias, pero son só
palabras
Queren ser bicos, pero son só palabras
Queren ser bicos, pero son só palabras
Queren ser voces no vento, pero son só
palabras
Sempre houbo de eso e sobre
Pero só unha vez o océano foi cruzado
sen palabras
Todo era océano e amor, había Atlántida
nos teus ollos, voz nas túas
palabras
Que eran só palabras
distintas dos bicos, dos corpos nús
apreixándose, da praia, das
palmeiras, das ondas e os golfeiros
da maré
Diferentes as palabras das cousas
Distintos frase e paraíso
Dende sempre todo ten sido océano
E lembrarse de cousas que sumiran nas
augas
Pois dende sempre
Todo durme no fondo do océano
E todo é océano entre no-los dous
Océano e distancia